

Os escritores galegos réndenlle homenaxe a Mariví Villaverde

► A filla do alcalde de Vilagarcía Elpidio Villaverde e viúva de Ramón de Valenzuela protagoniza un acto o sábado en Santiago

BELLÉN LÓPEZ

✉ blopez@diariodepontevedra.es

PONTEVEDRA. O compromiso ético coa cultura de Galicia é o que destaca a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) de Mariví Villaverde á hora de xustificar a súa elección para protagonizar este ano a sexta edición de 'Os bos e xenerosos', un recoñecemento anual dos escritores galegos a unha figura senlleira da historia contemporánea galega. Será o sábado 28 de marzo cando, a través dun acto no Museo do Pobo Galego, se lembre «a exemplar traxectoria de Mariví Villaverde», di nunha nota a AELG.

Villaverde, filla do alcalde republicano de Vilagarcía Elpidio Villaverde e viúva do galeguista Ramón de Valenzuela, padeceu a represión franquista xunto á meirande parte da súa familia e rematou exiliándose en Bos Ai-

res. En 1962 escribiu un libro sobre a súa historia persoal de medos, agresións e padecementos, 'Tres tiempos y la esperanza', publicado pola editorial Alborada. O volume foi reeditado en 1987 por Edicións do Castro e de novo en 2002 por A Nosa Terra. Esta última versión publicouse en galego e cos nomes reais dos personaxes.

No ano 2001, Mariví Villaverde foi homenaxeada, xunto a Chonchiña Comesaña, nun congreso sobre o exilio celebrado en Pontevedra. Na actualidade, forma parte do Consello pola Memoria, en cuxas actividades participa activamente.

PROGRAMA. As actividades na honra de Mariví Villaverde comezarán o vindeiro sábado ao mediodía (12.30 horas), cunha actuación do grupo Instrumental século XX, que tocará pezas do compositor Paulino Pereiro.

Ao rematar a música intervirá o presidente da AELG, Cesáreo Sánchez Iglesias. A 'laudatio' correrá a cargo de Marga do Val. Finalmente falará a propia homenaxeada.